



O BNG denuncia a falta de funcionamento do ferry Caminha-A Guarda en Semana Santa

"O BNG preocupado coas consecuencias para a economía local pola falta deste servizo"

A Guarda, 31 abril 15. O BNG ve con preocupación a actual situación de parálise na que está o transbordador entre Caminha e A Guarda, máxime despois dos anuncios en prensa da posta en marcha do servizo para o período de vacacións de Semana Santa.

Para o BNG resulta escandaloso o silencio e a **falta de alternativas do goberno municipal do PSOE**, cando hai unhas semanas estíbbase anunciando nos medios de comunicación que o servizo do transbordador entre Caminha e a Guarda ía estar en funcionamento para semana santa.

O BNG esixe explicacións ao goberno municipal sobre cales son as iniciativas que están levando acabo para dar unha alternativa a actual situación de parálise, xa que nen sequera existe información axeitada na oficina de cobro de billetes sobre como pasar a Portugal.

"Unha vez máis o comercio guardés ten que ver, a falta do servizo entre a Guarda e Caminha, como unha oportunidade perdida nunha vila que presume de turística" comentou **Ángel Baz, candidato do BNG-Asembleas Abertas á alcaldía da Guarda.**

O BNG solicita unha solución definitiva

Dende a formación nacionalista **lévanse anos presentando iniciativas para buscar unha solución definitiva e integrada desta comunicación fluvial** na desembocadura do río Miño.

Para o BNG levamos anos perdidos poñendo parches a un problema que demanda de políticas valentes, cun goberno municipal que afronte seriamente este problema. O actual grupo de goberno do PSOE tivo unha actitude pasiva, electoralista e submisiva aos Gobernos centrais do PSOE e do PP, aceptando por bos uns dragados parciais antes dunhas eleccións que o BNG xa asegurou no seu momento que non eran suficientes.

Hoxe, volvemos a estar no mesmo punto de partida, ou peor, neste momento a comunicación leva un ano interrompido sen que ninguén do goberno municipal do PSOE dese explicacións e ofrecese algunha alternativa á sociedade guardesa e aos seus representantes políticos.